

Distinguidas mulleres e homes que recoñecedes a labor desta entidade:

Non podemos poñerlle outro calificativo o ano 2018 que satisfactorio, isto non quere dicir que esteemos conformes co realizado; porque os que xestionamos esta entidade temos moi presente que queda moito por facer, pero seguimos o fronte coa tranquilidade de que estamos avanzando no bo camiño, e afirmo isto porque sabemos cales son as nosas prioridades ano a ano; e este 2018 que ben de rematar, fomos quen de seguir mellorando a equipación do **Centro de Recursos** para que as persoas que diariamente acoden poidan recibir servizos de maior calidade adaptados as súas características, como exemplo a adquisición de mesas regulables en altura, ordenadores táctiles... non sen descoidar a mellora do entorno do centro para un mellor disfrute do tempo de lecer, preocupándonos o mesmo tempo de que este mellore a súa imaxe; facéndoo mais atraínte para o público en xeral e para o colectivo de persoas con discapacidade en particular.



Melloramos a flota de vehículos coa adquisición de dúas furgonetas novas totalmente adaptadas as persoas con mobilidade reducida, adquisición básica para poder garantir o pleno desenvolvemento do servizo de transporte, prioritario para a asistencia de persoas o centro de recursos e os programas e actividades realizadas por Amarai, o carecer a zona rural de transporte público; podendo dar resposta a novas incorporacións que se veñen sucedendo cada ano.

Tamén destacar que ó 2018 permitiu por diferentes circunstancias incorporar novas e novos profesionais que permitiron consolidar un equipo de profesionais que nos permiten mellorar e ampliar servizos en beneficio das persoas que atendemos.

Manifestar que somos conscientes que unha das claves para o éxito da atención as persoas que acoden a Amarai, é contar con un equipo de profesionais multidisciplinar cualificado, comprometido e cohexionado; que poida dar resposta da mellor forma as diversas demandas das persoas do colectivo.

Quero destacar a consolidación dunha **XORNADA**, a **ECUESTRE de AMARAI**; celebrada o sábado 21 de setembro na súa **III EDICIÓN** e coa participación

de persoas doutros centros de recursos que temos que calificar de moi exitosa. Aínda así, seguiremos a celebrala coa intención de seguir mellorando as vindeiras edicións.

“En AMARAI aportaremos o que estea na nosa man na loita contra o illamento das persoas con discapacidade no eido rural...”

Comentar que neste ano 2019 en Amarai pretendemos incidir aínda mais no desenvolvemento de campañas de sensibilización, concienciación e educativas de forma periódica e sistemática, dirixidas a todos os grupos de poboación do ámbito municipal da contorna para facer chegar a realidade das persoas con discapacidade, e a importancia da inclusión como un factor determinante no desenvolvemento da persoa. E continuaremos facendo un seguimento das obras de beirarrúas e edificios públicos para **garantir a accesibilidade universal**. Por último, pero non menos importante; en AMARAI aportaremos o que estea na nosa man na loita contra o despoboamento no eido rural, que faga posible mitigar a presión constante á que no vemos sometidas as persoas con discapacidade e as súas familias para abandonar a zona rural e trasladarse, en contra da

nosa vontade as zonas urbanas; coa posta en marcha de servizos de calidade que beneficien o colectivo.

Non quero deixar pasar a ocasión para agradecer a tod@s @s que co voso esforzo e compromiso facedes posible a nosa labor, e a tod@s @s que creedes na labor que estamos a facer, recoñecendo o esforzo e a constancia diaria. Manifestar que continuaremos a realizar todo o que estea na nosa man convencidos que conseguiremos o que nos poidamos propoñer no futuro coa axuda de todas e todos.

Asdo. Jose L. Costoya Quintela